

PROGRAMA DO EVENTO

9.00 - 12.00 Taller formativo para as artesás: “¿Sabes como crear interese no teu proxecto empresarial?. Técnicas e estratexias de comunicación”.

Formación dirixida ás emprendedoras que lideren proxectos artesanais da comarca de Santiago de Compostela, coa finalidade de elaborar un breve discurso de presentación que se usa para informar sobre elas mesmas, as súas empresas e os seus produtos e servizos.

A mensaxe elaborada por cada unha delas expoñerase na sesión networking.

12.00 - 12.45 Café Networking e visita á exposición dos proxectos empresariais das emprendedoras.

12.45 - 13.30 Mesa de debate e sesión de preguntas (mentoring) dirixidas a emprendedoras cunha longa traxectoria no mundo empresarial. Esta sesión permitirá a emprendedoras en fase inicial resolver dúbidas do camiño emprendedor que lles espera.

13.30 - 14.00 Testemuña da emprendedora Idoia Cuesta. Fundadora de Idoia Cuesta, Cestería Contemporánea (<http://www.idoiacuesta.com>). “Desde o seu taller de Outeiro de Rei elabora as coleccións que presenta tanto en feiras de artesanía galegas, como en feiras profesionais fora de Galicia, en Londres ou París. Alí establece contacto con tendas para posteriormente traballar sobre pedidos. Foi precisamente nunha das feiras internacionais na que participou onde unha casualidade púxo a en contacto coa firma Loewe”.

Women emprende

O Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela naceu co obxectivo de impulsar o espírito emprendedor e a creación de empresas promovidas por mulleres universitarias.

Woman Emprende, ten como obxectivo fundamental fomentar o emprendemento feminino e a transferencia de coñecemento á sociedade, apoiando ás iniciativas emprendedoras e a xeración de novos proxectos empresariais liderados por mulleres. En Woman Emprende materialízase o compromiso da USC co emprendemento integral e responsable, así como o desenvolvemento económico e social da contorna.

Para iso Woman Emprende ofrece toda unha serie de ferramentas ás emprendedoras para dar os primeiros pasos no comezo da actividade empresarial; ofrece información de calidade e actualizada, ofrece apoio, desenvolve actividades de interese común para ás emprendedoras e acompaña a cada un dos proxectos dende o inicio ata o desenvolvemento real da actividade.

O programa COMPOSTELA MÓVESE e o emprendemento:

O programa “COMPOSTELA MÓVESE ” ten como principal obxectivo o de “Apoiar un modelo de desenvolvemento económico local endógeno, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce. Buscamos asentarmos os procesos de mellora empresarial e emprendemento nos valores diferenciais do tecido socioeconómico do concello contribuíndo con cada iniciativa a conquistar os obxectivos deseñados”.

Destacan entre os obxectivos xerais e específicos do mesmo programa os de “Outorgar máis peso no modelo económico aos sectores produtivos, recuperando aqueles do ámbito primario e manufacturero que hoxe corren o perigo de desaparecer e valorizando a súa importancia e capacidade de contribuír ao desenvolvemento da economía de proximidade no municipio.” e o de “Explorar e impulsar os novos nichos de emprego, en especial nos sectores creativos, que son os que teñen actualmente maior capacidade de dinamizar a cidade e aumentar o seu atractivo residencial e comercial.”

Esta Feira de Emprendedoras de Compostela reforza ademais o obxectivo de facilitar o acceso ao emprendemento dando acceso a recursos formativos e tecendo redes de colaboración entre as mulleres participantes quemelloren a proxección comercial dos seus proxectos.